



ADMISIÓN DE ALUMNOS/AS
(CURSO 2015-2016)

PRAZOS	ACTUACIÓNS
<u>Do 1 ao 15 de febreiro</u>	<p>⇒ Entrega do ANEXO I no centro adscrito que se pretende continuar. (Art.10.2).</p> <p>⇒ Direccións de centros públicos e titulares de centros privados remitiranlle ao centro ao que están adscritos unha relación do alumnado susceptible de matricularse nel para o vindeiro curso.</p>
	<p>⇒ Comunicación ao departamento territorial a oferta de postos escolares en cada un dos cursos das ensinanzas sostidas con fondos públicos para o curso académico ao que se refire o proceso de admisión.</p>
Antes do 1 de marzo (Art. 13)	<p>⇒ Publicación de vacantes dispoñibles no taboleiro de anuncios do centro para o curso 2015-2016.</p> <p>⇒ Reservar tres postos por unidade nos curso de 4º de EI, 1º de EP e 1º de ESO para nenos con neae (art. 3.2).</p> <p>⇒ Información no taboleiro de anuncios de todos os aspectos contemplados no artigo 13.1, 13.2:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.- Proxecto educativo 2.- Carácter propio, de acordo co artigo 115 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. 3.- Normativa reguladora da admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos. 4.- Oferta de postos escolares en cada un dos cursos das ensinanzas sostidas con fondos públicos para o curso académico ao que se refire o proceso de admisión. 5.- Área de influencia de cada unha das ensinanzas e da adscrición do centro, se existe, a outro ou outros centros. 6.- Centros que ten adscritos. 7.- Prazo de presentación de solicitudes. 8.- Prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios de baremación alegados. 9.- Servizos complementarios que ofrece o centro e normativa reguladora deles. 10.- Calendario que inclúa a data de publicación das listaxes do alumnado admitido e os prazos para presentación de reclamación e, se é o caso, recursos. 11.- Prazo para a formalización da matrícula. 12.- Nota informativa na que se recorde que só se pode presentar unha única solicitude no centro no que se solicita praza en primeiro lugar e a ineficacia de todas as solicitudes no caso de incumprimento desta norma.
Antes do 1 de marzo	<p>⇒ Sorteio público na Consellería das dúas letras para determinar a orde de preferencia en caso de empate (Art. 29.3).</p>
<u>Do 02 ao 23 de marzo</u>	<p>⇒ Prazo de presentación de solicitudes nos centros que se solicita en primeiro lugar. Acompañará DNI ou L. de familia (Art. 16).</p> <p>⇒ Presentarase unha única solicitude (Art. 14).</p> <p>⇒ De optar por unha praza para alumnado de NEAE, achegarse a documentación pertinente (Art. 37).</p> <p>⇒ Cando o último día do prazo coincida con día non lectivo prorrogarase automaticamente ata o día inmediatamente seguinte que sexa lectivo.</p> <p>⇒ Os interesados e interesadas, entregada a solicitude, terán dereito a que se lles expida unha copia ou xustificante, con data e selo, que acredite a súa petición.</p>



<p>10 días hábiles NEAE (Artigo 37)</p>	<p>⇒ Os centros remitirán copia das solicitudes de praza para o alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo derivadas de discapacidade física, psíquica ou sensorial, de sobredotación intelectual, ou de trastornos graves da conduta (tamén situacións desfavorecidas como consecuencia de factores sociais, económicos ou culturais) ao presidente da Comisión de Escolarización ou, no seu defecto, á titular do departamento territorial, <u>no prazo máximo de dez días hábiles a partir do día seguinte da súa presentación, xunto coa avaliación psicopedagóxica inicial realizada no centro, para que solicite informe do equipo de orientación específica.</u> (Artigo 38.1) ou, se é o caso, informe dos servizos sociais.</p>
<p>Antes das reunións dos consellos escolares (Art. 38.2)</p>	<p>⇒ A comisión de escolarización ou, no seu defecto, o titular do departamento territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria remitirá aos centros educativos, antes da celebración das reunións dos consellos escolares para decidir sobre a admisión do alumnado, as solicitudes ás que se refire o artigo 38 co informe vinculante de se procede ou non a súa escolarización con cargo á reserva de prazas prevista no artigo 15.2º desta orde. (Art. 3.2).</p>
<p>Do 24 de marzo ao 3 de abril</p>	<p>⇒ Naqueles centros e para as ensinanzas nas que exista máis demanda que oferta de postos escolares, as direccións dos centros abrirán un prazo do 24 de marzo ao 3 de abril, ambos os dous inclusive, para que os pais, nais ou tutores legais do alumnado presenten a documentación xustificativa dos méritos por eles alegados para a aplicación dos criterios de admisión do alumnado, xunto cunha copia del anexo II presentado anteriormente. (Art. 13.1). ⇒ Presentación dos xustificantes ten carácter voluntario (Art. 17.2).</p>
<p>4 de abril</p>	<p>Os directores dos centros docentes públicos ou os titulares dos centros privados concertados solicitarán, ao día seguinte do remate do prazo de presentación de documentos, ao departamento territorial correspondente que verifique que os datos de identificación fiscal, emitidos pola Axencia Estatal Tributaria no ano no que se solicita praza escolar, coinciden cos aportados no certificado do Padrón municipal. (Art. 22.3).</p>
<p>Antes do 25 de abril</p>	<p>⇒ Publicación das listaxes con carácter provisional. (Art. 30.1) Listaxes: Relación de todo o alumnado admitido e non admitido, mediante listaxes ordenadas por orde de puntuación, nas que se fará constar a puntuación total. Resolución do consello escolar ou do titular.</p>
<p>Cinco días hábiles</p>	<p>⇒ Cinco días hábiles para presentar reclamación ante o consello escolar ou ante o titular do centro privado concertado. Rexistro entrada. (Art. 30.3).</p>
<p>Antes do 15 de maio (Listas definitivas)</p>	<p>⇒ Resolución das reclamacións antes do 15 de maio (Art. 31.1). ⇒ Resoltas as reclamacións presentadas, publicación no taboleiro de anuncios do centro das listaxes definitivas do alumnado admitido e non admitido mediante listaxes ordenadas por orde de puntuación, nas que se fará constar a puntuación asignada a cada alumno polos distintos criterios establecidos no baremo, así como a puntuación total. Resolución do consello escolar ou do titular. (Art. 31.3).</p>

<p>Corenta e oito horas despois da publicación da listaxe definitiva no taboleiro de anuncios do centro</p>	<p>⇒ As direccións dos centros públicos e os titulares dos centros privados concertados remitirán, debidamente selada, á comisión de escolarización e, no seu defecto, a titular do departamento territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo das corenta e oito horas seguintes á exposición da listaxe definitiva de admitidos, a seguinte documentación (Art. 33)</p> <ol style="list-style-type: none"> Copia das listaxes definitivas de admitidos. Número de postos escolares non cubertos, detallados por cursos e niveis. Listaxe do alumnado que non resultou admitido no centro, xunto coa documentación presentada.
--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------



Antes do inicio do prazo de formalizac. de matrícula	⇒Asignación de vacantes por parte das comisións de escolarización.
Recursos e denuncias (1 mes)	⇒As resolucións definitivas na admisión do alumnado ditadas polas direccións dos centros públicos (oído o Consello Escolar), as comisións de escolarización e os servizos provinciais de inspección poderán ser obxecto de recurso de alzada ante o titular do departamento territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación. No caso dos centros privados concertados, os acordos definitivos sobre admisión de alumnado que adopten os titulares poderán ser obxecto de denuncia polos interesados no prazo dun mes perante a titular do departamento territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, cuxa resolución porá fin á vía administrativa.(Art. 32.1).
Do 20 ao 30 de xuño (Art. 40)	⇒Formalización da matrícula para o alumnado de educación infantil e primaria. ⇒Se finalizado o prazo de matrícula, non se formalizase esta, decaerá o dereito á praza obtida. (Art. 40.3).
Do 25 de xuño ao 10 de xullo (Art. 40)	⇒Formalización da matrícula para o alumnado de educación secundaria obrigatoria e bacharelato. ⇒Para o alumnado de educación secundaria obrigatoria admitido en centros distintos ao da adscrición, as direccións ou os titulares destes centros deberán solicitar do centro de primaria un certificado en que conste a superación desa etapa educativa para os efectos de formalizar a matrícula. ⇒Se finalizado o prazo de matrícula, non se formalizase esta, decaerá o dereito á praza obtida. (Art. 40.3).
Do 1 ao 10 de setembro (Art. 40)	⇒Prazo extraordinario para formalizar a matrícula o alumnado de educación secundaria obrigatoria e bacharelato. ⇒Se finalizado o prazo de matrícula, non se formalizase esta, decaerá o dereito á praza obtida. (Art. 40.3).
Remisión de documentación centros Secundaria	⇒Para o alumnado de educación secundaria obrigatoria admitido en centros distintos ao da adscrición, as direccións ou os titulares destes centros deberán solicitar do centro de primaria documentación do alumno para os efectos de formalizar a matrícula. (Art. 41.1)
Rematados os prazos de formalización de matrícula	⇒Transcorridos os prazos de matrícula, as direccións dos centros públicos e os e as titulares dos centros privados concertados comunicarán ao departamento territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o número de prazas escolares vacantes especificando curso e nivel educativo. Así mesmo, comunicaranse todas as vacantes que se produzan ao longo do curso académico. (Art. 42).

Normativa aplicable:

Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG 15/03/2013).